CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir as crenzas infundadas das verdades científicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> <li>- Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.</li> <li>- Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores.</li> <li>- Análise e visión xeral da función de relación.</li> <li>- Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino.</li> <li>- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.</li> <li>- Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Saúde e hábitos saudables	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.	PE	70
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuizos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Identificar os tipos de drogas, segundo a súa legalidade, e os prexuizos que ocasionan.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Comprender a información obtida de diferentes fontes para sacar conclusións.	TI	30
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Facer alusión ás fontes empregadas para obter información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Cuestionar os fenómenos biolóxicos e xeolóxicos, propoñendo hipóteses sobre o seu funcionamento.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir as crenzas infundadas das verdades científicas.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar un experimento sinxelo ante unha hipótese dada.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Elaborar un documento dixital coas conclusións do proxecto de investigación, seguindo as instrucións recibidas.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Realizar as tarefas en grupo respectando as quendas e asumindo as responsabilidades asignadas.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Tomar conciencia do papel e da importancia das mulleres e das minorías étnicas na Ciencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Diseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> </ul>

## Contidos

- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.
- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:
- Infeccións de transmisión sexual (ITS).
- Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.
- Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).
- Enfermidades infecciosas e non infecciosas:
- Diferenciación en base á súa etioloxía.
- Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas.
- O uso adecuado dos antibióticos.
- Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo.
- Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas.
- Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana.
- Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
8	Os riscos xeolóxicos internos	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos xeolóxicos.	PE	70
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Analizar os riscos naturais.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Propoñer medidas para solucionar os problemas derivados de fenómenos xeolóxicos.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Comprender a información obtida de diferentes fontes para sacar conclusións.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Facer alusión ás fontes de información empregadas para obter os datos.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Cuestionar os fenómenos biolóxicos e xeolóxicos, propoñendo hipóteses sobre o seu funcionamento.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir as crenzas infundadas das verdades científicas.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar un experimento sinxelo ante unha hipótese dada.	TI	30
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Elaborar un documento dixital coas conclusións do proxecto de investigación, seguindo as instrucións recibidas.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Realizar as tarefas en grupo respectando as quendas e asumindo as responsabilidades asignadas.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Tomar conciencia do papel e da importancia das mulleres e das minorías étnicas na Ciencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

## Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Riscos naturais:
- Definición e clasificación.
- Análise e planificación.
- Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas:
- Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra.
- Tipos de erupcións volcánicas.
- Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.
- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo e cooperativo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaránse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

#### \* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

**\* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS**

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

**\* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

**\* TIPOS DE AGRUPAMENTOS**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

**\* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro coa lectura de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a. Tamén se farán recomendacións de libros que poidan ser do seu interese.

Unha das liñas de actuación globais das diferentes materias do currículo é o correcto desenvolvemento da competencia dixital. A área de Ciencias Naturais contribúe á competencia de tratamento da información e competencia dixital, xa que se traballan habilidades para identificar, contextualizar, relacionar, e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversos linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego delas, evitando os dogmatismos e o seu emprego irresponsable.

Cando se apoia a aprendizaxe de modelos teóricos por medio de simulacións, cando se traballan representacións de datos por medio de programas informáticos, cando se realizan experiencias virtuais para contrastalas coas reais, cando se representan estruturas moleculares, atómicas, anatómicas, xeolóxicas, situacións problemáticas coa axuda dos ordenadores, desde a área estase a contribuir á competencia dixital.

Na ESO o Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación levarase a cabo segundo os contidos correspondentes a cada curso, á idade, características propias e madurez do alumnado, empregando para isto, ademais, algunhas actividades propostas no libro de texto para acadar as competencias básicas. Ademais, farase un uso habitual da plataforma EVA E-Dixgal e da aula virtual.

Para contribuír ao Plan Dixital, de nova incorporación no centro, fomentarase o traballo con diferentes ferramentas en 3º ESO, co obxectivo de acadar unha serie de habilidades:

- Editar o formato dunha táboa en LibreOffice Writer
- Inserir un enlace en LibreOffice Writer

Así mesmo, tamén se traballarán habilidades adquiridas en cursos previos para favorecer a súa correcta integración e manexo. Para logralo, os traballos serán realizados neste editor de textos.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de

Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO. Santillana. Construindo mundos
Fichas de actividades de consolidación: Cuestionarios interactivos autoavaliabes
Fichas de actividades de reforzo, co obxectivo de afianzar conceptos básicos
Fichas de actividades de ampliación: traballos de temas relacionados, propostos para subir nota.
Caderno do alumno/a, no que se atoparán os apuntamentos e exercicios realizados na aula e na casa.
Portfolio: Opcional, para gardar fichas soltas.
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Laboratorio con instrumentos básicos para a observación de células (microscopios, portaobxectos, cubreobxectos, mostras modelo, etc.) e a realización de outras prácticas como a observación dun corazón de porco ou o estudo e diferenciación de diferentes formas de modelado do relevo.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	80	80	80	80	80	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	20	20	20	20	20	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

Cada dúas unidades didácticas, realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación (dúas probas por avaliación). En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 70% da nota da avaliación.

O 30% restante corresponde ao traballo realizado polo alumnado (produccións realizadas polo alumnado). Neste apartado poderán terse en conta:

- Traballo de revisión e investigación. Poden ser traballos individuais ou en grupo, e serán presentados en público na aula sempre e cando así o decida o docente. Valorarase ata un 10% da cualificación total da materia.
  - Valoración do caderno de traballo do alumno onde deben estar recollidas os apuntamentos e as actividades ordinarias correspondentes a cada tema. Estas actividades serán corrixiadas na aula ou na aula virtual, valorándose a súa corrección por parte do alumnado. O caderno poderá ser requirido en calquera momento, e valorarase a súa limpeza e orde, que recolla os esquemas e as actividades realizadas e a súa corrección. Valorarase ata un 10% da cualificación total da materia.
  - Actividades prácticas que se realicen no laboratorio ou no medio natural. Valorarase a actitude e traballo no mesmo, así como a realización do informe de prácticas que será corrixiado pola profesora. Estarán incluídas no caderno de traballo.
  - Actividades de reforzo, propostas como material de apoio para o alumnado que amosa dificultades na materia ou para aqueles que decidan facelo voluntariamente. Realizaranse fóra da aula e serán corrixiadas, avaliadas e devoltas ao alumno/a para que as empregue como ferramenta de estudo.
  - Actividades de ampliación propostas pola profesora aos alumnos/as que o requiran, consistentes en actividades de diversa índole (preguntas que requiran maior grao de razoamento, análise de textos, gráficos, proxectos de investigación...)
  - Participación en calquera outra actividade proposta na aula, que poderán ser opcionais ou obrigatorias (guías de lecturas propostas, traballos sobre aspectos concretos relacionados coa materia, actividades complementarias...). As observacións realizadas serán rexistradas nun diario de aula.
- Os tres últimos apartados poderán ser valorados, en conxunto, ata un máximo dun 10% da cualificación total. Será tida en conta a participación activa na aula, respectando as quendas de palabra.

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

- 70% probas escritas
- 30% táboas de indicadores

No caso de que a cualificación media da avaliación non corresponda a un valor enteiro, se o decimal é 1, 2, 3, 4 axustarase á baixa, e de ser de 5 a 9, axustarase ao enteiro superior. A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

As probas de recuperación realizaranse, preferentemente, na avaliación seguinte á non superada. En todos os casos, as probas de recuperación terán as mesmas características que as probas ordinarias e os traballos pendentes. Os criterios de cualificación serán os xa expostos anteriormente.

**A terceira avaliación será recuperada, de ser necesario, nas probas de avaliación final que se realizarán en xuño.**

No mes de xuño, terá lugar a avaliación final, na que se fará a recuperación das avaliacións suspensas. Conservarase a nota daquelas avaliacións que o alumno/a teña aprobadas.

A cualificación final do curso obtense da media aritmética das avaliacións parciais (as aprobadas ao longo do curso ou as recuperadas nesta proba final), tomando a nota sen aproximar. No caso de que teña que recuperar dúas avaliacións, collerase para cada unha delas a nota acadada durante a recuperación final. Aproximarase por redondeo.

**A nota da terceira avaliación poderá ser superior á nota final.**

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non existe ningún alumno/a coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º da ESO pendente.

Pola contra, contamos cun alumno que cursa 4º da ESO e ten a materia de 3º suspensa. O plan de recuperación da materia pendente consiste na realización de tres boletíns, con data de entrega:

o 1º Boletín: 23 de novembro do 2022

o 2º Boletín: 1 de marzo do 2023

o 3º Boletín: 19 de abril do 2023

A familia será oportunamente informada do plan de recuperación, seguindo as directrices que marca o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Debido á diversidade, así como ás características específicas do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son diferentes. Para iso é preciso desenvolver unha serie de actividades que permitan que este tratamento se leve a cabo do mellor xeito posible. Estableceremos unha diferenciación entre actividades básicas e actividades complementarias, de maior complexidade ou dificultade. As actividades de reforzo e ampliación aplicaráselle, respectivamente:

a) a aqueles alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, por carecer de motivación ou por outras limitacións que poidan presentar.

b) ao alumnado cun nivel de capacidade e/ou motivación maior, que permitan un tratamento máis ampliado de certos temas.

No primeiro caso seleccionaranse actividades de síntese, que fagan fincapé nos conceptos básicos da unidade que se estea a traballar e nos contidos mínimos esixidos para acadar unha consecución mínima dos correspondentes

obxectivos.

No segundo caso irán encamiñadas á realización dun traballo de ampliación, con actividades atractivas e que soen estar fóra do tratamento dos contidos que se fan na aula.

O reforzo educativo debe realizarse dentro do grupo, salvo carencias máis acusadas que puideran aconsellar algún período fóra da aula co profesor de Pedagogía Terapéutica ou coa Orientadora do centro.

Co alumnado que presente necesidades educativas especiais importantes deseñaranse as correspondentes adaptacións curriculares axudados e en colaboración cos membros do Departamento de Orientación. Así, serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Os temas transversais son eixos do coñecemento entre os que destacan fundamentalmente as actitudes, que deben ser desenvolvidas en todas as materias ao longo de toda a vida escolar. Favorecen o desenvolvemento integral da persoa e fan que o alumno/a se preocupe por problemas sociais actuais, conectando así a escola coa vida cotiá. As materias do Departamento de Ciencias Naturais desempeñan un papel importante neste aspecto, posto que a maioría dos temas transversais se prestan a ser tratados por estas disciplinas.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concursos e certames	Museos Científicos Coruñeses e outras convocatorias	X	X	X
Museos Científicos da Coruña	Visita ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT) e ao Domus.		X	
Xeorruta Patos Monteferro / Marisma da Ramaíosa /Entorno	Percorrido pola costa entre Patos e Monteferro para coñecer aspectos xeolóxicos da zona.		X	X

### Observacións:

A primeira actividade será realizada en todo o curso, dependendo das convocatorias.

A segunda actividade será realizada na 2ª avaliación.

A terceira actividade será realizada na 2ª ou 3ª avaliación.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas

Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### **Descrición:**

Segundo as orientacións establecidas na Orde do 25 de abril de 1994 sobre avaliación na educación secundaria obrigatoria, da Consellería de Educación e O.U. segundo a cal "o proceso avaliador estará incardinado na actividade diaria da aula .... Avaliaranse tanto o progreso dos alumnos e das alumnas nas aprendizaxes como os procesos mesmos do ensino" e tendo presente que "a información obtida na avaliación deberá ser utilizada para analiza-la intervención educativa e, se é o caso, toma-la decisión de modificala coa finalidade dunha mellor adecuación as necesidades do alumnado e facilitarlle as axudas necesarias para seguir avanzando no seu proceso formativo".

Ao longo do proceso de avaliación durante o curso poderase reaxustar a metodoloxía e os criterios de avaliación naqueles aspectos que sexan mellorables para intentar acadar unha maior eficiencia no proceso de ensinanza-aprendizaxe, sempre que o profesor o considere oportuno e tamén por demanda do alumnado cando estea debidamente xustificado. Ditas modificacións serán recollidas na memoria do Departamento.

Ademais, durante o curso e ao seu remate realizarase unha avaliación continua da mesma programación, tendo en conta o grado de consecución dos obxectivos marcados para cada período e o grado de seguimento da temporalización dos contidos propostos, procurando axustala durante o seu desenvolvemento (como se citaba mais arriba) e realizando as correccións oportunas para os cursos vindeiros.

Os indicadores de logro arriba expostos pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

As propostas de mellora que se deriven deste proceso de avaliación serán recollidas na Memoria do Departamento para ter sidas en conta en cursos vindeiros.

## **9. Outros apartados**